



**ACTA**

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/2	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

30 de xaneiro de 2025

**Duración:**

Desde las 19:30 hasta las 21:55

**Lugar:**

Sala de sesións da Casa Consistorial

**Presidida por:**

Marisol Morandeira Morandeira

**Secretario:**

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ





76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>	
<b>Expediente 83/2025. Dación conta resolucíons alcaldía dende o N° 2024-0949 o N° 2025-0049</b>	
Dase conta das resolucíons da alcaldía dende o nº 2024-0949 ao nº 2025-0049	
<b>Aprobación da acta da sesión anterior</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria A favor: 9, En contra: 0, Abstención:4, Ausentes: 0

**<<Resolución:**

O pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE e do BNG e coa abstención do PP, aprobou as actas das sesións plenarias de datas 18 e 28 de novembro de 2024 e 9 de xaneiro de 2025.>>

<b>Expediente 1826/2017. Aprobación definitiva regulamento do Centro de Día "Casa do Capataz" do Concello de Guitiriz</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

**<< Feitos e fundamentos de dereito:**

**Aprobación Definitiva do Regulamento do Centro de Día “Casa do Capataz” do Concello de Guitiriz. Expte. 1826/2017**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 14/11/2024 de incoación de expediente de modificación do Regulamento do Centro de Día do Concello de Guitiriz publicada no BOP de Lugo nº 046 de data 25/02/2023.

Por acordo plenario de 28/11/2024 aprobouse inicialmente o expediente de modificación do Regulamento do Centro de Día “Casa do Capataz” do Concello de Guitiriz concedendo un prazo de 30 días para a presentación de alegacións segundo anuncio publicado no BOP de Lugo de 7/12/2024.

Alegación de 20/01/2025 asinada pola alcaldesa para corrixir unhas incongruencias no seguinte sentido:

Onde di:





<<(…)

<< ART. 8º. MODALIDADES ASISTENCIAIS

A modalidade asistencial será:

- Xornada completa: Os usuarios acudirán ó centro diariamente e durante a totalidade do horario de atención, cun máximo de 8 horas/día. >>

<< ART. 15º HORARIO.

O Centro de Día contará cun horario para o desenvolvemento das súas actividades de luns a venres en horario ininterrompido de 8 da mañá a 20:00 horas, excepto os días festivos que permanecerá pechado. Os sábados e domingos o centro estará pechado.>>

(…)>>

Debe dicir:

<< (…)

<< ART. 8º. MODALIDADES ASISTENCIAIS

A modalidade asistencial será:

- Xornada completa: Os usuarios acudirán ó centro diariamente durante o horario de atención, cun máximo de 8 horas/día.

<< ART. 15º HORARIO.

O Centro de Día poderá contar cun horario para o desenvolvemento das súas actividades de luns a venres en horario ininterrompido de 8 da mañá a 20:00 horas, excepto os días festivos que permanecerá pechado. Os sábados e domingos o centro estará pechado. A concreción exacta do horario de atención, dependendo dos medios persoais e demanda das prazas existentes, será establecida anualmente median resolución da Alcaldía>>

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

Vista a proposta de resolución PR/2025/42 de 21 de xaneiro de 2025.

### **Resolución:**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aceptar a alegación presentada pola alcaldesa respecto do acordo plenario de data 28 de novembro de 2024 de aprobación inicial do Regulamento do Centro de Día “Casa





do Capataz” do Concello de Guitiriz

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación do Regulamento do Centro de Día “Casa do Capataz” do Concello de Guitiriz no que respecta a capacidade e aos artigos 8, 14, 15 que quedan redactados da seguinte forma:

<< Capacidade: 27 prazas>>

<< ART. 8º. MODALIDADES ASISTENCIAIS

A modalidade asistencial será:

- Xornada completa: Os usuarios acudirán ó centro diariamente durante o horario de atención, cun máximo de 8 horas/día.

<< ART. 14º NÚMERO DE PRAZAS.

O Centro de Día de Guitiriz contará cun máximo de 27 prazas a xornada completa. >>

<< ART. 15º HORARIO.

O Centro de Día poderá contar cun horario para o desenvolvemento das súas actividades de luns a venres en horario ininterrompido de 8 da mañá a 20:00 horas, excepto os días festivos que permanecerá pechado. Os sábados e domingos o centro estará pechado. A concreción exacta do horario de atención, dependendo dos medios persoais e demanda das prazas existentes, será establecida anualmente median resolución da Alcaldía>>

TERCEIRO.- Publicar a o texto integro do Regulamento do Centro de Día no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.>>

**Expediente 44/2025. Moción PP para instar ao Goberno de España para garantir a mobilidade dos municipios galegos retirando a proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús que suprimen paradas en 22 concellos**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

<<**Resolución:**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A MOBILIDADE DOS MUNICIPIOS GALEGOS RETIRANDO A PROPOSTA DO MAPA DE CONCESIÓNS ESTATAIS DE LIÑAS DE AUTOBÚS QUE SUPRIME PARADAS EN 22 CONCELLOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As liñas regulares de transporte de viaxeiros por autobús son claves para garantir e favorecer a mobilidade dos cidadáns, en especial daqueles que viven en zonas rurais e con menor densidade de poboación, e tamén para comunicar e vertebrar a nosa comunidade e conectala co resto de España.





O transporte interurbano de viaxeiros por estrada é un servizo de carácter público de competencia estatal prestado mediante un contrato de concesión. Polo tanto, corresponde ao Goberno de España e, en particular, ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, deseñar a rede estatal.

No ano 2022 tivo lugar un primeiro intento de impoñer un novo mapa de rutas do autobús estatal, que provocou gran alarma e alegacións tanto entre os gobernos autonómicos como entre a cidadanía, pola supresión de paradas e rutas.

A pesar de que no seu momento se retirou esta proposta, ante o rexeitamento que provocou, lonxe de rectificar o Goberno de España, presidido por Pedro Sánchez, volveu a propoñer un novo mapa que retomou a indisimulada intención de suprimir paradas e rutas en termos semellantes aos do ano 2022.

A nova proposta faise desde a imposición, sen contar coas comunidades autónomas, nin atender ás alegacións presentadas desde Galicia nin as peticións dos veciños afectados. O Goberno galego sempre defendeu que se tivera en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa comunidade e se prestase especial atención ás conexións no rural.

A actuación do Goberno de España vai na dirección contraria xa que logo, co novo mapa, 22 municipios galegos e máis de 130.000 habitantes quedarían illados das rutas estatais.

Así, coa reestruturación do Ministerio de Transportes elimínase 90 tráficos dentro de Galicia. Un recorte que deixaría aos concellos de Arzúa, Melide, Chantada, O Corgo, Guitiriz, Baralla, Meira, Monterroso, As Nogais, Palas de Rei, Quiroga, A Pontenova, Trasmiras, A Mezquita, Ribadavia, Riós, A Rúa, Forcarei, Lalín, Tui, Silleda e O Porriño sen parada. De feito, neste último e noutros, as paradas da liña estatal xa foron suprimidas.

Con este modo de entender o servizo público, os responsables políticos da administración central poñen por riba do equilibrio territorial criterios económicos que só levan ao deterioro do transporte público e que van en contra das necesidades das comunidades, como a galega, de garantir os dereitos dos concellos do rural e a igualdade de oportunidades dos seus veciños como única opción para acadar o asentamento poboacional.

En definitiva, este novo mapa concesional supón un ataque sen precedentes á supervivencia da España rural, en especial a rural galega, e xa non digamos a da provincia de Lugo, onde se suprimen 10 das 22 paradas que se eliminan en toda Galicia, por nomealas, suprímese Baralla, Chantada, O Corgo, Meira, Monterroso, As Nogais, Palas de Rei, A Pontenova, Quiroga e a nosa tan querida parada de Guitiriz, un ataque deste Goberno que abandona a súa sorte, unha vez máis ao rural galego, ao retirarlle o único medio de transporte público co que contan moitas de estas poboacións e que prexudica gravemente a loita contra o despoboamento.

Polo anteriormente exposto, e tendo en conta as particularidades de Galicia, a necesidade





de conectividade do rural, e considerando que o novo mapa concesional condena a este a unha perda radical de servizos de transporte público o Grupo Municipal Popular presenta esta moción coa seguinte.

Por parte do grupo PSOE, engádesse a seguinte enmenda, modificando o punto segundo da proposta orixinaria do PP , co acordo do conxunto dos grupos políticos, co seguinte tenor literal: “Que se manteñan as paradas existentes do noso concello mentres non se aprobe un novo mapa concesional”.

O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos asistentes, acorda trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.Garantir a mobilidade dos veciños dos distintos municipios galegos retirando a proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús, garantindo o mantemento das paradas que se pretenden suprimir e recuperando as xa suprimidas.
- 2.Que se manteñan as paradas existentes do noso concello mentres non se aprobe un novo mapa concesional.>>

<b>Expediente 45/2025. Mocion PP relativa a contaminación do río Parga que fai que as súas augas non sexan aptas para o baño.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>

**<<Resolución:**

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE GUITIRIZ RELATIVA A CONTAMINACIÓN NO RÍO PARGA QUE FAI QUE AS SÚAS AUGAS NON SEXAN APTAS PARA O BAÑO.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende o 2016, unha das zonas mais concorridas do noso concello e de libre acceso, non é apta para o baño, estamos a falar da zona de baño do CIT de Parga.

Encontrámonos que as analíticas que se fan dende esa data pola Consellería de Sanidade fan que a praia fluvial non sexa apta para o baño. Esta situación causa nos últimos anos un evidente malestar entre os veciños do concello dado que o complexo da praia fluvial, conta con unhas excelentes instalacións, tales como pistas de baloncesto, fútbol sala, ou parque infantil, que o fan moi atractivo para pasar alí as tardes coas nosas crianzas, pero falta o máis importante: poder bañarse no río, que é o que máis se agradece no período de verán.

Hai que recordar que a piscina municipal só está aberta aproximadamente dous meses o ano, co cal so nos quedan dúas piscinas naturais, que son a dos Sete Muíños, sita en Guitiriz, e a praia fluvial do CIT de Parga, o cal debería ser un luxo para o noso concello contar con dous espazos naturais de esas características, e nos creemos que non se pode prescindir de ningún de eles.





A conservación dos leitos fluviais constitúe unha acción de especial transcendencia nun territorio que, como Galicia, está atravesado por múltiples ríos. Moitos deles discorren por tramos urbanos e teñen como característica común a de constituír un recurso natural de primeira magnitude, tanto polo seu valor ecolóxico como polo seu valor económico, en tanto que son fonte de recursos para moitas familias e industria.

Determinar que actuacións de conservación fluvial, onde e como facelas é relevante. Do mesmo xeito, é importante aclarar e protocolarizar que actuacións de conservación fluvial teñen que facer as distintas administracións competentes.

Con este espírito, a instrución 1/2019, do 7 de xaneiro, para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario, de augas de Galicia, ademais do respecto ao principio básico de preservación do valor ambiental dos ríos nos termos da Directiva Marco, responde aos seguintes principios de actuación:

–A conservación e limpeza dos ríos non é unha competencia propia nin exclusiva dos organismos de bacía:

As funcións dos organismos de bacía, recollidas no texto refundido da Lei de Augas, están orientadas á protección e tutela do dominio público hidráulico, pero non se traducen en concretas obrigas en materia de conservación, limpeza de canles e defensa de territorio fronte a inundacións, así como tampouco en obrigas de realizar traballos de conservación, limpeza e restauración en todos e cada un dos supostos de contaminación ou degradación do dominio público que poidan presentarse.

–O mantemento e limpeza dos tramos fluviais urbanos:

Nese punto, cómpre traer ao caso a recente sentenza do Tribunal Supremo nº 1962/2017, do 13 de decembro, que interpreta o artigo 28.4 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional (LPHN), no sentido de declarar que corresponde aos concellos a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas. En concreto, na citada sentenza di que: «para efectos de actuacións nos leitos públicos cando de zonas urbanas se trata, a competencia non pode ser outra que a municipal, pois así resulta dos principios que informan o réxime local a partir do postulado constitucional da autonomía local, tal como a entendeu o Tribunal Constitucional (sentenzas 37/2014, 121/2012 e 240/2006 e as que nelas se citan). A falta de disposición expresa de sentido contrario e tratándose de actuacións de execución en zonas urbanas, pode considerarse que a regra é a competencia municipal e a excepción a competencia autonómica. Tal conclusión é coherente, ademais, coas atribucións que as normas legais estatais en materia de réxime local confiren aos concellos respecto do urbanismo».

Por parte do grupo PSOE, engádese a seguinte enmenda de adición, co acordo do conxunto dos grupos políticos, no punto cuarto da proposta, co seguinte tenor literal: “Instar a





celebración dunha xuntanza a 3 bandas, CIT, comunidade de montes de Parga e concello de Guitiriz para abordar estas problemáticas.

O Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos asistentes, acorda dar traslado ao Concello de Guitiriz as seguintes demandas:

- Que o Concello de Guitiriz inicie as actuacións pertinentes para determinar de onde procede a contaminación da zona da praia fluvial do CIT de Parga.
- Que determinada a procedencia da contaminación se tomen as medidas oportunas para atallar a mesma.
- Que se efectúe a limpeza do cauce do citado río o seu paso pola localidade, onde é competencia do concello o seu mantemento.
- Instar a celebración dunha xuntanza a 3 bandas, CIT, comunidade de montes de Parga e concello de Guitiriz para abordar estas problemáticas>>

<b>Expediente 62/2025. Moción BNG sobre o proxecto eólico "Satrebares" nas parroquias de Labrada e Os Vilares</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 2, En contra: 7, Abstencións: 4, Ausentes: 0

**<< Resolución:**

Moción sobre o proxecto eólico “Satrebares” nas parroquias de Labrada e Os Vilares.

O 23 de xuño de 2023, tivo entrada no rexistro do Ministerio para a Transacción Ecolóxica e o Reto Demográfico a solicitude do promotor “MARACAIBO SOLAR SLU”, solicitando autorización administrativa previa para a instalación eólica “SATREBARES” de 125 MW de potencia instalada, e a súa infraestrutura de evacuación, nos concello de e Monfero, Abegondo, Aranga, Curtis, Oza-Cesures da provincia da Coruña e Guitiriz en Lugo, e a maior parte deste parque con 20 aeroxenadores dos 29 contemplados, que estarían situados no concello de Guitiriz.

O 30 de maio de 2024, tivo entrada no rexistro do citado Ministerio, outro escrito do promotor onde substituía a documentación correspondente para a solicitude de autorización administrativa previa, para a instalación obxectivo deste expediente e finalmente o 26 de decembro de 2024 queda arranxada a documentación da solicitude e completada a documentación aportada pola empresa promotora, MARACAIBO SOLAR SLU cun capital social de 3.000 euros.

O día 4 de xaneiro sae publicado no BOE o anuncio da área de industria e enerxía de Galiza, polo que se somete a trámite de Información Pública, a solicitude de autorización administrativa previa e o estudo de impacto ambiental da instalación eólica “SATREBARES” de 125 MW de potencia instalada e a súa infraestrutura de evacuación.







Nos seguintes días, diferentes información publicadas e outras por outras vías, foron chegando ao BNG de Guitiriz polo que tomamos a decisión de organizar unha charla informativa na parroquia dos Vilares aberta ao público a fin de informar aos veciños e veciñas da instalación deste parque eólico e das consecuencias, beneficios e afectacións que este tipo de infraestruturas teñen para o medio natural, para os veciños e veciñas afectados directa ou indirectamente e para o patrimonio histórico.

Puidemos constatar, tanto nós mesmas como tamén a Alcaldía que convocou outra charla o día anterior ao noso, que a veciñanza dos Vilares e de Labrada están moi preocupados polo impacto que este megaparque con 24 aeroxeneradores e outros 5 en posición de reserva, que rondan os 200 m de altura, que conta cunha infraestrutura de evacuación de 34 quilómetros e con unha subestación propia, ademais de dúcias de viais afectados, pode ter nas súas parroquias, no seu medio natural, nas súas propiedades e no seu modo de vida, que se verá tremendamente afectado tanto durante as obras coma no período de funcionamento do parque.

Mención especial require a afectación que a construción deste parque vai ter sobre as fontes e mananciais que emprega a veciñanza para as súas traídas de augas. Arredor de dez lugares dos Vilares e Labrada verían perigar as fontes que empregan nas súas traídas de auga de consumo, afectadas pola construción das torres dos aeroxeneradores e multitude de regos e regatos se verían afectados tanto polas diferentes infraestruturas como pola construción e ampliación de viais de aceso.

Ademais disto, detectamos varias eivas mais no proxecto e na declaración de impacto ambiental como por exemplo:

1º.- Non se expoñen ao publico a relación de bens e dereitos afectados pola infraestrutura de evacuación da liña de alta tensión, referímonos a cota de ocupación ou m<sup>2</sup> a utilizar no proxecto, polo que os propietarios das parcelas e bens afectados non poden contemplar o impacto que suporá sobre a saúde humana e a súa economía na escala e magnitude reais.

2º.- Considérase que existe unha afectación nas áreas de protección do caudal que podería ter unha incidencia negativa nas escorréntias, e mananciais.

3º.- Existe unha afectación nas áreas de protección de humidais e turbeiras que poderían ter unha incidencia negativa no ciclo hidrolóxico e nos ecosistemas e habitas protexidos na zona.

4º.- Producirase unha incompatibilidade de uso nas áreas forestais e de mato, que podería ter unha incidencia negativa no tecido forestal como fonte de recursos naturais e motor socioeconómico así coma na protección fronte a erosión e refuxio da biodiversidade.

5º.- Consideramos que existe un incumprimento das medidas legais da infraestrutura dos muiños con moitos dos núcleos rurais observando que hai varios que incumpren as





distancias mínimas equivalentes a 5 veces a altura do aeroxerador.

6º.- A declaración de solo industrial da poligonal do Parque, que inclúe núcleos rurais e núcleos rurais illados vai ter unha grande afectación nos usos para a veciñanza.

É por isto, que dende o BNG de Guitiriz comezamos a traballar dende ese momento para tratar de apoiar as demandas da veciñanza, poñéndonos a disposición de todos e todas aqueles que queiran presentar alegacións e, para coordinarnos con aqueles movementos que xa están a traballar organizadamente.

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos en contra do PSOE, coa abstención do PP e cos votos a favor do BNG, non acadou a maioría necesaria para a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que o concello de Guitiriz se posicione pública e inequivocamente ao carón da veciñanza de Os Vilares e de Labrada que rexeita este proxecto, manifestando a súa oposición a este megaparque ao igual que fixeron xa o concello de Monfero ou o de Abegondo.

2º.- O concello poñerá a dispor da veciñanza no menor tempo posible os recursos dispoñíbeis, tanto na área de urbanismo como na área de Medio Ambiente, a fin de informar, asesorar e colaborar cos veciños e veciñas afectados directa ou indirectamente na presentación de alegacións que atendan as afectacións que se lles produzan.

3º.- O concello elaborará as súas propias alegacións a fin de asegurarse a posibilidade futura de poder persoarse como parte afectada nunha eventual demanda de impugnación, de ser o caso.>>

<b>B) ACTIVIDADE DE CONTROL</b>
Non hai asuntos
<b>C) ROGOS E PREGUNTAS</b>
Plantexanse os rogos e preguntas que se recollen na video-acta
<p>Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:</p> <p><b>SHA512 –</b>  <b>28d748e5f5fef0dde201b21dc0ce83fdfd5005803992cca3db8de4d2aac26bc359c24dbdff</b>  <b>baf469cb0743c0dcc64f3c28d42c8cf15eec1cdde338ac76bcf92c</b></p> <p>O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:  <b><a href="https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=M2lxOTUwNmUtYmQ3OS00ZTJjLTkyMGYtYWw2YmQ3OTJjNGZk">https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=M2lxOTUwNmUtYmQ3OS00ZTJjLTkyMGYtYWw2YmQ3OTJjNGZk</a></b></p>





**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

